

FUNDACIÓN
Breogan

Memoria Anual
2025





Memoria Anual

2025

CONTIDOS


	PADROADO	06
	PRESENTACIÓN	08
	PROXECTOS	10
	EXPERIENCIA BREOGÁN	12
	GRAZAS A-VÓS	22
	MATUMAINI	24
	CRIS SEIJO	26

	ÍCARO	28
	PAZO ABERTO	30
	PERSOAS	32
	IV XORNADAŞ DE TECNIFICACIÓN	34
	OCIO SAUDABLE NOS BARRIOS	36
	IV LIGA SENIOR 3X3	40
	IV TORNEO 3X3 NA RUA	44

CONTIDOS

	AROS	46
---	-------------	-----------

	NINGÚN ARO SEN REDE	48
---	----------------------------	-----------

	TORNEO 3X3 SEIJO SILVOSA	52
---	---------------------------------	-----------


	IV LUZ AO DEPORTE	54
---	--------------------------	-----------


	MEMORIA CELESTE	56
---	------------------------	-----------

	SEN FILTROS	58
---	--------------------	-----------

	BOCCIA ESCOLAR ADAPTADA	60
---	--------------------------------	-----------

	S. VICENTE DE PAÚL/ ASPNAIS	62
---	------------------------------------	-----------

	MURALLALANDIA	64
---	----------------------	-----------

	DIEZ RAZ1ONES	64
---	----------------------	-----------

	XUNT@S POLA INCLUSIÓN	64
---	------------------------------	-----------

	CARREIRA SOLIDARIA CPR CERVANTES	64
---	---	-----------

	PREMIOS	66
---	----------------	-----------

	PRETO DE TÍ	68
---	--------------------	-----------

PADROADO



PRESIDENTE
Narciso Fernández
Empresario



VICEPRESIDENTA
Carmen Lence
Empresaria



SECRETARIO
Alfonso Orol
Concello de Lugo



VOCAL
Julio González
Avogado



VOCAL
Salvador Arco
Director Xeral C.B. Bregán



VOCAL
Nuria Varela - Portas
Empresaria

PRESENTACIÓN

ESTIMAD@S AMIG@S,

Cando botamos a vista atrás e revisamos o camiño percorrido durante este 2025, resulta inevitable sentir orgullo e gratitude. Este é xa o cuarto ano de actividade da Fundación Breogán, un período no que podemos afirmar, con satisfacción, que o proxecto está plenamente consolidado e segue medrando con paso firme.

Ao longo deste ano desenvolvemos máis proxectos que nunca, ampliando o noso alcance e chegando a todos os espectros da sociedade lucense: desde a infancia ata a terceira idade, desde o ámbito educativo ata o social e o deportivo. Esa capacidade de estar presentes, de conectar con realidades diversas e de adaptar as nosas iniciativas ás necesidades de cada colectivo é, sen dúbida, un dos maiores logros deste exercicio.

Tamén foi un ano de crecemento da comunidade que nos acompaña. Superamos amplamente os 3.000 seguidores nas redes sociais, rebasamos os 100 socios benefactores e sumamos novas empresas colaboradoras e benefactoras que cren na nosa maneira de entender o compromiso social a través do deporte.

Outro dos fitos deste 2025 foi a creación dunha rede sólida de conexións coas principais asociacións, entidades sociais, institucións e clubs deportivos da provincia. Tecemos alianzas

que nos fortalecen e nos permiten multiplicar o impacto das nosas accións.

Especialmente significativo foi o incremento dos proxectos educativos, que, xunto aos sociais e deportivos, conforman a esencia da Fundación. Un traballo que, ademais, tivo o recoñecemento externo a través de dous premios que nos enchen de ilusión e nos animan a seguir mellorando cada día.

Nada disto sería posible sen o esforzo do equipo humano da Fundación, o apoio do CB Breogán, das institucións, das empresas colaboradoras e, sobre todo, das persoas que participan nos nosos proxectos. A todas elas, o meu agradecemento máis sincero.

Seguimos camiñando, convencidos de que o deporte é unha ferramenta poderosa para educar, integrar e transformar. E facémolo coa mesma ilusión do primeiro día, pero agora cunha base máis forte ca nunca.

Grazas por formar parte deste camiño.



Luis Abel Taboada
Director da Fundación Breogán



PROXECTOS

No noso cuarto ano de andaina, a Fundación Breogán dá un paso adiante decisivo: 2025 foi o ano da consolidación. Os proxectos que naceron nos primeiros exercicios medraron, fortalécense e convértense xa en referencias estables dentro da nosa comunidade.



Os integrantes do equipo Special Olympics de baloncesto de ASPNAIS, recibindo as súas camisetas no Pazo dos Deportes de Lugo.

Ao mesmo tempo, puxemos en marcha novas iniciativas, ampliando o alcance da Fundación e chegando a máis persoas, máis colectivos e máis espazos da sociedade lucense. Hoxe podemos afirmar que a nosa acción está presente desde a infancia ata a terceira idade, unindo educación, deporte e compromiso social nun mesmo camiño.

A **Fundación Breogán** continúa trasladando á sociedade os valores que definen ao **C.B. Breogán**: solidariedade, inclusión, identidade e orgullo de pertenza. Estes principios seguen sendo o motor de cada proxecto que deseñamos e de cada alianza que construímos.

Durante este 2025 reforzamos tamén a nosa rede de colaboración, sumando novas empresas benefactoras, entidades sociais, institucións e clubs deportivos que comparten a nosa visión. Un traballo en rede que multiplica o impacto e nos permite chegar máis lonxe.

Nesta memoria recolleemos un resumo das actividades desenvolvidas ao longo do ano, tanto as impulsadas directamente pola Fundación como as realizadas en colaboración con outras organizacións, así como as principais cifras que reflicten o crecemento da nosa comunidade, a participación cidadá e o recoñecemento externo acadado, incluídos dous premios que nos enchen de ilusión.

Seguimos avanzando con máis forza ca nunca, convencidos de que o deporte é unha ferramenta de transformación social e de que cada proxecto deixa unha pegada real nas persoas.

24

PROXECTOS PROPIOS
E COLABORACIÓNS

100

SOCI@S
BENEFACTORES/AS

5.000

PERSOAS PARTICIPANTES
NOS PROXECTOS E
ACTIVIDADES

EXPERIENCIA BREOGÁN - SECRETARIADO XITANO - PAZO DE VILANE

En 2025 o Proxecto Experiencia Breogán segue a consolidarse como unha das iniciativas sociais máis representativas da Fundación. Un programa que achega o baloncesto e os valores breoganistas a colectivos diversos, xerando espazos de encontro, inclusión e ilusión compartida. Ao longo desta edición, diferentes entidades sociais participaron nesta experiencia única, vivindo de preto o universo CB Breogán e formando parte dunha actividade deseñada para emocionar, integrar e conectar a través do deporte.


Co apoio da nosa empresa benefactora **Pazo de Vilane**, demos comezo ás Experiencias Breogán 2025 cunha semana dedicada á **Fundación Secretariado Xitano**, entidade que leva máis de 40 anos traballando pola promoción integral da comunidade xitana e pola construción dunha sociedade máis xusta, inclusiva e diversa.

Ao longo destes días desenvóléronse distintas actividades orientadas a crear espazos de encontro, diálogo e aprendizaxe mutua.


A primeira xornada tivo lugar no centro da Fundación Secretariado Xitano en Lugo, onde o director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**, acompañado polos xogadores **Eric Vila**, **Edin Atić** e **Boubacar Touré**, compartiu experiencias co alumnado dos programas educativos. Fomos recibidos por **Belén Fernández**, coordinadora provincial, e **Olalla Radío**, orientadora, nun encontro marcado pola cercanía, a emoción e o compromiso compartido.

O alumnado do Programa Promociona visitou tamén o Pazo dos Deportes, coñecendo por dentro o fogar do **CB Breogán** e vivindo a paixón do baloncesto desde o Palco VIP durante o partido fronte ao Joventut de Badalona.

Nun dos descansos, **Nuria Varela-Portas de Orduña**, xerente de Pazo de Vilane, fixo entrega dun recoñecemento a Belén Fernández, como símbolo dunha colaboración que une deporte, educación e inclusión social.



Sorrisos, aprendizaxe e inclusión na primeira Experiencia Breogán 2025 xunto á Fundación Secretariado Xitano e Pazo de Vilane.



EXPERIENCIA BREOGÁN - FUNDACIÓN JUANSOÑADOR - IBERSYS

Grazas á nosa empresa benefactora **Ibersys**, celebramos a segunda Experiencia Breogán 2025, nesta ocasión xunto á **Fundación JuanSoñador**, entidade que traballa pola prevención, educación e promoción social de persoas en situación de vulnerabilidade.

Ao longo desta experiencia tivemos a oportunidade de coñecer de primeira man o seu labor en Lugo, nunha visita ás súas instalacións na que participaron **José Ferro**, en representación de Ibersys, e os xogadores do **CB Breogán Jordan Sakho** e **Elijah Hughes**, que compartiron unha xornada moi especial coas persoas usuarias da fundación.

Días despois, foron eles quen nos devolveron a visita, asistindo desde o Palco VIP da Fundación Breogán, ao partido disputado no Pazo dos Deportes fronte ao Dreamland Gran Canaria.

Durante un dos descansos, **Javier Iglesias**, CEO de Ibersys, fixo entrega dun recoñecemento á Fundación JuanSoñador polo seu compromiso social e educativo con infancia e mocidade en situación de vulnerabilidade. O galardón foi recollido por **Victoria Alejo**, coordinadora local en Lugo, e **Olalla Caamaño**, educadora.

Esta nova Experiencia Breogán volveu poñer de manifesto o valor do deporte como espazo de encontro, aprendizaxe e inclusión.

Grazas á Fundación JuanSoñador polo seu traballo diario, e a Ibersys por facer posible esta colaboración.



Vídeo resumo:

<https://youtu.be/8gu5Z8Ltfgl?si=w-Oka-xfFbdXTTrjT>



Javier Iglesias, CEO de Ibersys, fai entrega do recoñecemento á Fundación JuanSoñador, recollido por Victoria Alejo e Olalla Caamaño.

JuanSoñador
BOSCO SOCIAL



EXPERIENCIA BREOGÁN - AULA HOSPITALARIA HULA - GARCÍA RIELO

A nosa empresa benefactora **Clínica García Rielo**, permitiunos desenvolver unha nova Experiencia Breogán 2025 dedicada á **Aula Pediátrica do HULA**, un espazo no que cada día se combina educación, coidado e acompañamento para facer máis levadeira a estancia hospitalaria dos nenos e nenas.

Esta iniciativa permitiunos achegarnos a unha realidade especialmente sensible, coñecendo de primeira man o labor do persoal sanitario e educativo, que traballa con entrega e humanidade para ofrecer apoio ás crianzas e ás súas familias nun contexto complexo.

Desde a Fundación Breogán, supuxo unha oportunidade para sumar ilusión, emoción e momentos diferentes, contribuíndo a crear experiencias positivas a través do deporte e do contacto co universo breoganista.

A semana culminou cunha visita ao Pazo dos Deportes, onde o persoal do HULA asistiu desde o Palco VIP da Fundación Breogán ao encontro fronte ao Valencia Basket, vivindo de preto a emoción do baloncesto.

Durante un dos descansos, **Manuel García Rielo** fixo entrega dun recoñecemento ao equipo humano do HULA, en agradecemento polo seu compromiso, profesionalidade e dedicación diaria.

Esta Experiencia Breogán volveu destacar o valor da colaboración entre saúde, deporte e sociedade, reforzando unha alianza que pon ás persoas no centro.



Video resumen:
<https://youtu.be/61X75rwkviU?si=qfkJVtvDterLznoz>

Dragan Apic e Dewayne Russell, xunto a Paco Basanta e Antonio Seral, compartiron unha mañá moi especial co persoal e alumnado da Aula Pediátrica do HULA



EXPERIENCIA BREOGÁN - SAN VICENTE DE PAÚL - GRUPO DITRAM

Co apoio da nosa empresa benefactora **Grupo Ditrám**, desenvolvemos unha nova Experiencia Breogán 2025 xunto ao **Centro San Vicente de Paúl**, entidade referente no acompañamento a persoas con discapacidade intelectual.

Ao longo desa semana tivemos a oportunidade de coñecer de preto o seu labor, baseado na dignidade, o respecto e a creatividade, e de compartir unha xornada moi especial coa súa comunidade. A visita contou coa presenza dos xogadores do **Río Breogán Mihajlo Andrić e Jordan Sakho**, así como das Lendas Breoganistas **Xavi Roca, Suso Fernández e Antonio Seral**, nun encontro cheo de proximidade, conversación e momentos de baloncesto que deixaron unha fonda pegada.

A experiencia completouse coa visita do Centro ao Pazo dos Deportes, onde asistiron ao partido fronte ao San Pablo Burgos desde o Palco VIP da Fundación Breogán. No Espazo Fundación, participaron cun stand informativo no que amosaron o seu traballo terapéutico e ocupacional, achegando á afección unha visión máis ampla da súa actividade diaria.

Rubén Gil, xerente de Ditrám, fixo entrega dun recoñecemento ao Centro polo seu compromiso continuado, nun momento emotivo que contou co aplauso do público do Pazo.



Usuarios e usuarias do Centro San Vicente de Paúl xunto á expedición breoganista nunha xornada moi especial.

CENTRO
**SAN VICENTE
DE PAÚL** LUGO

EXPERIENCIA BREOGÁN - OLLOS GRANDES - TRANSPORTES VALÍN

Pechamos o ano 2025 cunha nova Experiencia Breogán xunto ao **Centro de Menores Ollos Grandes**, entidade de referencia na atención a nenos e mozos en situación de vulnerabilidade social.

Durante esta semana tivemos a oportunidade de coñecer de preto o seu labor, centrado na protección, a educación e o acompañamento integral das persoas usuarias, favorecendo o seu desenvolvemento persoal nun entorno de apoio e inclusión.

A visita ao centro estivo encabezada polo director da Fundación Breogán, **Luis Abel Taboada**, acompañado por unha representación do **Río Breogán** formada por **Erik Quintela**, **Mauro Nogueira** e **Quique Fraga**, reforzando o vínculo entre deporte, empresa e compromiso social.

Como peche da experiencia, un grupo de rapaces e rapazas do centro asistiu a un encontro no Pazo dos Deportes, vivindo en directo a emoción do baloncesto na vitoria fronte ao Unicaja. Durante un dos descansos, recibiron un recoñecemento público ao labor do centro, da man de **Elena Valín**, en representación de **Transportes Valín**.




Elena Valín, no momento de entregar o recoñecemento a representantes e usuarios do Centro de Menores Ollos Grandes no centro da pista do Pazo dos Deportes de Lugo.



Vídeo resumo:

https://youtu.be/TN6f1h0cRoU?si=G8oCLFTLdtdYkWo_



GRAZAS A-VÓS

Durante o ano 2025 a Fundación Breogán deu continuidade ao proxecto Grazas A-Vós, grazas ao apoio da **Xunta de Galicia**, desenvolvendo actividades orientadas a fomentar o benestar, a inclusión e a calidade de vida das persoas maiores de 65 anos nas residencias públicas de **As Gándaras** e **A Milagrosa**.

Este ano supuxo o peche da segunda tempada (2024/2025) e o inicio, no mes de outubro, da terceira (2025/2026), consolidando un proxecto que segue medrando e achegando experiencias únicas tanto ás persoas participantes como ao equipo da Fundación.

Ao longo do ano combináronse obradoiros de activación física e estimulación cognitiva, adaptados ás necesidades dos usuarios e usuarias, promovendo o movemento, a memoria e a interacción social nun ambiente de proximidade e confianza. Actividades como “**O Caixón Fundación**” convertéronse en ferramentas clave para traballar a memoria dun xeito participativo e vinculado ao universo breoganista.



Raquel Asensio para a parte de activación física e María Piñeiro na cognitiva, foron as dúas novas incorporacións da 3ª tempada do proxecto.



O proxecto tamén incorporou accións de carácter cultural e divulgativo, como charlas temáticas en colaboración coa **UNED Lugo**, así como a participación de alumnado en prácticas a través de programas de aprendizaxe-servizo, reforzando o carácter educativo e comunitario da iniciativa.

Máis alá das actividades semanais, Grazas A-Vós xerou momentos especiais fóra das residencias, como a asistencia ao Pazo dos Deportes, permitindo aos nosos maiores vivir en directo a emoción do baloncesto e sentirse parte activa da familia breoganista.

Este proxecto continúa a ser un espazo de encontro, aprendizaxe e afecto, no que cada sesión suma vitalidade, sorrisos e experiencias compartidas.

*Paralelamente ás sesións realízanse actividades lúdico-formativas, como a charla de **Raquel Iglesias** (UNED Lugo) e visitas ao Pazo para asistir a encontros do **Río Breogán**.*



MATUMAINI

O proxecto Matumaini —palabra que significa “esperanza” en suahili— nace como unha nova liña de traballo da Fundación Breogán centrada na integración social a través do deporte. Organizado pola Fundación Breogán co apoio institucional e a colaboración de distintas entidades sociais e educativas, este proxecto está dirixido a mozos solicitantes de asilo e persoas migrantes, ofrecéndolles un espazo de encontro, convivencia e desenvolvemento persoal.



A iniciativa desenvólvese no **CEIP Anexa**, cunha sesión semanal de adestramento de baloncesto gratuíta, na que os participantes non só adquiren habilidades deportivas, senón que tamén constrúen vínculos, comparten experiencias e avanzan no seu proceso de integración na comunidade.

Baixo a dirección do adestrador **Aitor Vázquez**, o proxecto reuniu a participantes de diferentes países e realidades, que atoparon no baloncesto unha ferramenta para canalizar esforzo, ilusión e, sobre todo, esperanza.

Ao longo do ano, **Matumaini** consolidouse como un espazo aberto e dinámico, no que cada adestramento foi tamén unha oportunidade para crear equipo máis alá da pista, fomentando valores como o respecto, a diversidade e a igualdade de oportunidades.

A través desta iniciativa, a Fundación Breogán continúa reforzando o seu compromiso cun modelo de deporte que non só forma xogadores, senón que tamén acompaña persoas e transforma realidades.



Momento da presentación do proxecto, na que estiveron presentes representantes das entidades e institucións que colaboraron.



*Ademáis dos adestramentos semanais de baloncesto, contamos coa colaboración do **ADC Lugosala** cos que compartimos unha divertida sesión de fútbol sala.*

CRIS SEIJO

O Proxecto Cris Seijo, iniciado a finais de 2024, consolidouse ao longo de 2025 como unha das iniciativas máis completas da Fundación Breogán, combinando baloncesto, inclusión e empoderamento feminino a través de tres vertentes complementarias: deportiva, socio-deportiva e social.

Na súa vertente deportiva, o proxecto continuou impulsando o baloncesto feminino de veteranas a través do **Seijo Team**, que competiu na **Liga Galega da FEGABA** acadando grandes resultados, entre eles a revalidación do título de liga de maneira invicta e a conquista do Torneo Interautonómico NORTEO por segundo ano consecutivo. Máis alá dos éxitos deportivos, o equipo converteuse nun referente de compromiso, compañeirismo e visibilidade do deporte feminino.

A vertente socio-deportiva consolidouse como un espazo aberto para mulleres maiores de 35 anos, ofrecendo adestramentos semanais gratuítos no **CEIP Anexa**. Un punto de encontro no que a actividade física, o benestar e a convivencia se combinan nun ambiente próximo e participativo, favorecendo hábitos saudables e fortalecendo vínculos persoais.

Pola súa banda, a vertente social, desenvolvida en colaboración con entidades como **Cruz Vermella Lugo** e **Diaconía**, permitiu achegar o baloncesto a mulleres solicitantes de asilo, ofrecéndolles un espazo seguro no que compartir, aprender e avanzar no seu proceso de integración. A través do deporte, o proxecto contribúe a mellorar o seu benestar emocional e a crear novas oportunidades.

Ao longo do ano, as tres vertentes converxeron en diferentes momentos e actividades conxuntas, reforzando a idea dun proxecto global no que o baloncesto actúa como punto de encontro e ferramenta de transformación social.



*O Seijoteam foi campión invicto na tempada 24/25 da Liga Galega de Veteranas. Ao inicio da 25/26 fíxose cargo do equipo **Juan Corral**, toda unha Lenda Breoganista.*



*Unha das actividades realizada pola vertente social do proxecto foi a visita á **Arrocería Os Cachivaches**, onde as rapazas cociñaron man a man con **Álex**.*

O Proxecto Ícaro, iniciado en 2024, continuou ao longo de 2025 consolidándose como unha das iniciativas sociais máis transformadoras da Fundación Breogán. Desenvolvido co apoio da **Vicepresidencia da Deputación de Lugo** e das Fundacións **Dignidade** e **JuanSoñador**, o proxecto utiliza o deporte como ferramenta para reducir desigualdades e favorecer a inclusión de mozas e mozos en situación de vulnerabilidade social.

Dirixido a participantes de entre 14 e 18 anos, Ícaro ofrece un espazo seguro no que medrar a través da práctica deportiva, fomentando valores como o respecto, o esforzo, a perseveranza e o traballo en equipo, ao tempo que contribúe ao desenvolvemento persoal e á mellora da autoestima.

Ao longo do ano, o proxecto mantivo o seu formato de sesións semanais, combinando o baloncesto —como eixo principal— con outras disciplinas deportivas grazas á colaboración de clubs da provincia, como o boxeo, béisbol, tenis de mesa ou rugby. Esta variedade permitiu ás persoas participantes descubrir novos deportes e ampliar as súas experiencias, sempre nun contexto educativo e integrador.

As diferentes sesións convertéronse nun punto de encontro no que compartir, aprender e avanzar xuntos, creando vínculos positivos e reforzando a socialización nun entorno saudable. A implicación dos clubs colaboradores foi clave para enriquecer o proxecto e achegar novas perspectivas deportivas e humanas.

No último trimestre do ano, o inicio da tempada 2025/2026 trouxo consigo a incorporación de **Noel Fernández** como novo adestrador, dando continuidade a un proxecto que segue medrando con forza e ilusión.

O Proxecto Ícaro reafirma así o compromiso da Fundación Breogán cun modelo de deporte que vai máis alá da práctica física, converténdose nunha ferramenta real de cambio, inclusión e futuro.



Noel Fernández, novo adestrador da Fundación que no inicio da tempada 25/26 fíxose cargo dos adestramentos de baloncesto do proxecto.



Boxeo, tenis de mesa, rugby e béisbol son os deportes que complementan a oferta e que nos chegan da man de Muralla Rugby, Asociación Tenis de Mesa A Milagrosa, Boxing Club Cidade de Lugo e Lume Béisbol Club.



PAZO ABERTO

No ano 2025 a Fundación Breogán e "El Proyecto de Bana", puxemos en marcha Pazo Aberto, un proxecto educativo que abre as portas do Pazo dos Deportes aos máis novos, converténdoo nun espazo de aprendizaxe, descubrimento e emoción arredor do universo do Río Breogán.

Durante a súa primeira edición, desenvolvida entre xaneiro e maio, máis de 150 nenos e nenas de toda a provincia tiveron a oportunidade de coñecer por dentro o fogar do Breogán, visitando espazos como o vestiario, a sala de prensa ou a pista, e descubrindo a historia, os valores e as tradicións do club a través de dinámicas participativas.

Participaron nesta primeira edición os seguintes centros educativos:

CEIP As Nogais, CEIP de Bretoña, CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz, CEIP A Ponte, CEIP de Nabela e Colexio Diocesano A Milagrosa.

Cada visita converteuse nunha experiencia única, na que o baloncesto actuou como ferramenta educativa para fomentar o respecto, o traballo en equipo e o orgullo de pertenza.

No mes de outubro de 2025 deu comezo a segunda edición do proxecto, que se estenderá ao longo do curso 2025/2026. Neste novo ciclo, xa recibimos a visita dos centros:

CPI Dr. López Suárez (Friol), CEIP Luis Pimentel (Lugo) e CPR Cervantes (Lugo).

Pazo Aberto consolídase así como unha iniciativa que achega o club á súa contorna, facendo que o Pazo sexa tamén un espazo propio para a cativada e contribuíndo a crear unha nova xeración de breoganistas.

Sala de prensa, zona dos trofeos, vestiario e a oportunidade de presenciar o adestramento e compartir uns minutos cos xogadores do Río Breogán. Unha experiencia única.



O PROXECTO EN NÚMEROS

9 CENTROS EDUCATIVOS

MÁIS DE **250**
ALUMN@s ASISTENTES TOTAIS



PERSOAS

O Proxecto Persoas consolidouse en 2025 como unha das iniciativas máis representativas da Fundación Breogán, reafirmando o noso compromiso cun deporte verdadeiramente inclusivo. Desenvolvido en colaboración coa Área de Deportes da Deputación de Lugo, este proxecto ofrece a nenos, nenas e mozos con discapacidade a oportunidade de practicar baloncesto nun entorno adaptado ás súas necesidades, no que o máis importante non é competir, senón participar, compartir e medrar.



*Cada semana colectivos, asociacións, clubs deportivos e outras entidades visitan o adestramento de Persoas e comparten con nós momentos especiais. Na imaxe a visita das rapazas do **Seijo Team***

Cada semana, o Pazo dos Deportes convértese nun espazo de encontro onde deporte e inclusión van da man. Os adestramentos, liderados polo director da Fundación, Luis Abel Taboada, contan co apoio fundamental dun amplo equipo de voluntariado e de entidades colaboradoras como **AFALU, Dano Cerebral Lugo, Raiolas CEE Santa María** ou a **USC**, que fan posible que cada sesión sexa única.

Ao longo do ano, o proxecto foi moito máis ca unha actividade deportiva: converteuse nun verdadeiro punto de conexión social. Numerosos clubs, asociacións e colectivos sumáronse ás sesións, compartindo experiencias e reforzando valores como o respecto, o compañeirismo e a igualdade. Esta apertura permitiu crear unha rede viva arredor do proxecto, enriquecendo cada adestramento con novas aprendizaxes e vivencias.

O papel do voluntariado segue a ser clave. A súa entrega, implicación e cercanía fan posible que cada participante atope un espazo seguro no que sentirse valorado, acompañado e feliz.

En 2025 tamén vivimos momentos moi especiais, como as sesións compartidas con outros proxectos da Fundación, as visitas de diferentes entidades deportivas e sociais, ou os recoñecementos ao esforzo dos participantes ao final da tempada. Pequenos grandes instantes que definen a esencia do Proxecto Persoas.

Co inicio dunha nova tempada (a cuarta), incorporando novas figuras ao equipo técnico, o proxecto continúa medrando coa mesma ilusión de sempre, demostrando que o deporte pode —e debe— ser un espazo para todos e todas.



IV XORNADAS DE TECNIFICACIÓN

Durante a Semana Santa de 2025, o Anexo do Pazo dos Deportes acolleu unha nova edición das Xornadas de Tecnificación, organizadas conxuntamente pola Fundación Breogán, reafirmando esta cita como un dos momentos formativos máis destacados do ano.

Un total de 50 rapaces e rapazas, de entre 8 e 16 anos, participaron nunha experiencia intensiva de tres días na que o baloncesto foi o fío condutor dun programa que combinou aprendizaxe técnica, convivencia e valores.

As sesións estiveron dirixidas por un equipo técnico de gran nivel, encabezado por **Maisa López** (Ensinu Lugo), xunto a **Paula Ahuja** (Estudiantes Lugo), **Chisco López** e **Nerea Vieites** (Franciscanos), garantindo unha formación de calidade tanto no plano deportivo como humano. Ademais, os participantes tiveron a oportunidade de compartir momentos con xogadores do Río Breogán como **Kurucs**, **Sakho**, **Vila**, **Grant**, **Mavra** ou **Aranitovic**, que achegaron unha visión próxima do baloncesto profesional.

Máis alá da pista, as xornadas incluíron tamén espazos de reflexión arredor dos valores do deporte, cunha destacada participación de **Astrid Rodríguez** e o equipo da **Fundación Dignidade**, que contribuíron a reforzar aspectos fundamentais como o respecto, o esforzo e o compañeirismo.

O programa completouse con experiencias inspiradoras, como a visita da xogadora **Claudia Soriano**, recentemente convocada pola selección española, que compartiu a súa traxectoria cos participantes, converténdose nun referente próximo e motivador.

Como broche final, os asistentes participaron nun obradoiro de arte urbana e graffiti da man de **Concepto Circo**, poñendo un peche creativo e participativo a tres días intensos de deporte e aprendizaxe.



Salva Arco, Director Xeral do Río Breogán, na entrega de trofeos e recordos para os gañadores e participantes.



OCIO SAUDABLE NOS BARRIOS

No marco do programa +xT 24/25, impulsado polo Servizo Municipal de Prevención de Drogodependencias e outras Adicións Comportamentais do Concello de Lugo, a Fundación Breogán desenvolveu o proxecto Ocio Saudable nos Barrios, unha iniciativa que levou o baloncesto e a actividade física a diferentes espazos urbanos da cidade de Lugo.



O PROXECTO EN NÚMEROS

3 BARRIOS VISITADOS

8 MESTRES DE EDUCACIÓN FÍSICA

MÁIS DE **100**
ASISTENTES TOTAIS

OCIO SAUDABLE NOS BARRIOS

Durante os meses de marzo, abril e maio, celebráronse oito xornadas nas prazas da Milagrosa, O Castiñeiro e Anxo Fernández, convertendo estes lugares en puntos de encontro para nenos, nenas e adolescentes arredor do deporte e dos hábitos de vida saudables.

O programa, promovido pola **Concellería de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo** co apoio da Fundación Breogán, tivo como obxectivo fomentar valores como o compañeirismo, a convivencia e a importancia dunha vida activa, empregando o deporte como ferramenta de prevención e educación.

Máis de 100 participantes formaron parte destas xornadas, enchendo as mañás dos sábados de movemento, aprendizaxe e diversión, nun ambiente aberto, inclusivo e participativo.

Un dos piares fundamentais do proxecto foi a implicación altruísta de profesionais da educación física, que aportaron o seu coñecemento e entusiasmo para facer de cada sesión unha experiencia enriquecedora. Entre eles, participaron docentes de distintos centros educativos da cidade, contribuíndo de maneira decisiva ao éxito da iniciativa.

O programa pechouse en maio cun balance moi positivo, consolidándose como unha proposta de referencia para promover o ocio saudable nos barrios e reforzar o vínculo entre deporte, educación e comunidade.



8 mestres de Educación Física colaboraron de forma altruísta, achegando o seu tempo, coñecemento e entusiasmo:

- Benxamín Muras**, do CEIP Luis Pimentel.
- Claudia Tejerina**, do Colexio Maristas Lugo.
- Óscar Rodríguez Río**, do CPR Cervantes.
- Jaime Balado**, do Colexio Divino Maestro.
- Noelia Valcarce**, do CEIP Menéndez Pelayo.
- Ángel Muñoz**, do Colexio Franciscanos Lugo.
- Eliseo Moreda**, do CEIP Albeiros.
- Iago Corral**, do CEIP Anexa.



IV EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3

A IV Edición da Liga Senior 3x3 da Fundación Breogán celebrouse entre finais de maio e xuño de 2025 nas pistas do Pazo dos Deportes de Lugo e o seu módulo anexo, consolidándose como unha das citas de referencia do baloncesto 3x3 en Galicia para maiores de 30 anos.

A competición reuniu a **10** equipos en categoría mixta e máis de **70** participantes, que protagonizaron unha liga marcada polo bo ambiente, a competitividade e o espírito deportivo. Os encontros, arbitrados por colexiados oficiais da **FGB** e disputados con material oficial FIBA 3x3, ofreceron un alto nivel de xogo e espectáculo en cada xornada.

Como xa é tradición, a Zona VIP “Terceiro Tempo” converteuse nun espazo clave para a convivencia entre participantes, reforzando o carácter social e comunitario da liga.

No plano deportivo, o equipo **Clínica García Rielo** proclamouse campión tras unha final moi igualada fronte a **Pista Floja**. A nivel individual, **Charles Nkaloulou** foi recoñecido como MVP do torneo, mentres que **Iago Tejero** se impuxo no Concurso de Triplas. Pola súa parte, o equipo **Pub Basket** acadou a vitoria no TwoBall, nun dos momentos máis dinámicos e participativos do evento. Ademais, **Raquel Asensio** foi homenaxeada como Xogadora Fundación, e **Rafa Rodríguez** levou para a casa un saboroso xamón ibérico tras conquistar o xa mítico Súper Tiro **Torre de Núñez**, aberto tamén á participación do público.



O PROXECTO EN NÚMEROS

10 EQUIPOS
INSCRITOS

70 XOGADORES E
XOGADORAS

MÁIS DE **50**
ENCUNTROS DISPUTADOS

Os gañadores das finais da IV Liga Senior 3x3, exemplo de competitividade, compañeirismo e paixón polo baloncesto ata o último segundo.

IV EDICIÓN LIGA SENIOR 3X3

A competición tamén deixou espazo para recoñecementos especiais e actividades abertas ao público, que contribuíron a reforzar o ambiente festivo e inclusivo da liga, converténdoa nun evento que vai máis alá do puramente deportivo. A entrega de premios contou coa presenza dos xogadores do Río Bregón **Erik Quintela** e **Jordan Sakho**, que compartiron a xornada cos participantes, poñendo o broche final a unha edición que volveu demostrar que a paixón polo baloncesto non entende de idade.



Os gañadores das distintas categorías foron:

- 1 🏆 Campión Liga: Clínica García Rielo
- 2 🥈 Subcampión: Pista Floja
- ★ MVP: Charles Nkaloulou (Clínica García Rielo)
- 🎯 Gañador Concurso de Triplas: Iago Tejero (Enfoca Legends)
- 🥈 Finalista Triplas: Javi Lourido (Enxebres)
- 🏀 Gañador TwoBall: Pub Basket
- 🥈 Subcampión TwoBall: Clínica García Rielo
- 👤 Xogadora Fundación: Raquel Asensio (Seijo Team)
- 🏰 Súper Tiro Torre de Núñez: Rafa Rodríguez

IV TORNEO 3X3 NA RÚA

O 21 de xuño de 2025, as pistas exteriores do Pazo dos Deportes de Lugo acolleron a cuarta edición do Torneo 3x3 na Rúa, organizado pola Fundación Breogán coa colaboración da Xunta de Galicia, consolidándose como unha das citas máis destacadas do baloncesto base na cidade.

Durante máis de **cinco** horas ininterrompidas de actividade, o evento reuniu a máis de **130** rapaces e rapazas, de entre 9 e 18 anos, distribuídos en **34** equipos que competiron de maneira simultánea en seis pistas habilitadas para a ocasión. En total, disputáronse **107** partidos nun ambiente dinámico, participativo e marcado polo compañeirismo.

O torneo volveu destacar non só polo seu nivel deportivo, senón tamén polo seu carácter formativo e social, promovendo valores como o respecto, o traballo en equipo e a superación persoal a través do baloncesto.

A resposta das familias, clubs e público en xeral foi excelente, esgotándose as prazas dispoñibles antes do peche do prazo de inscrición, o que reflicte o crecente interese e consolidación desta iniciativa dentro do calendario deportivo lucense.

Como recordo da súa participación, todos os xogadores e xogadoras recibiron material conmemorativo da Fundación Breogán, mentres que os equipos gañadores foron recoñecidos nunha entrega de premios final que puxo o broche a unha xornada chea de emoción e lelicia.

Desde a Fundación Breogán queremos agradecer a implicación de participantes, familias e voluntariado, así como o apoio institucional da Xunta de Galicia, fundamental para facer posible este evento.

Unha edición máis que reafirma o **3x3 na Rúa** como unha verdadeira festa do baloncesto base e un espazo de encontro para a mocidade lucense.

34

EQUIPOS INSCRITOS
ENTRE 9 E 18 ANOS

130

XOGADORES/AS

107

ENCONTROS DISPUTADOS
DURANTE MÁIS DE 5
HORAS



PROXECTO AROS

A Fundación Breogán, co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e en colaboración con COGAMI, Down Lugo, Raiolas, o Hospital de Día de Saúde Mental do HULA e Dano Cerebral Lugo, puxo en marcha en 2025 o Proxecto AROS, unha nova iniciativa social e inclusiva dirixida a persoas adultas con capacidades diferentes.

AROS nace como evolución natural do Proxecto Persoas, ampliando o seu alcance para dar resposta ao colectivo adulto e ofrecendo o baloncesto como ferramenta de integración, benestar e desenvolvemento persoal.

Tras unha primeira fase piloto no mes de xuño, na que se confirmou o valor e potencial da proposta, o proxecto deu un paso adiante en outubro co inicio das súas actividades regulares, que se prolongarán ao longo do curso 2025/2026.

AROS estrutúrase arredor de catro vertentes complementarias, que representan diferentes camiños cara a un mesmo obxectivo: construír espazos de inclusión, acompañamento e crecemento persoal a través do deporte.



AROS VIDA

Un espazo aberto á participación e á diversidade, no que o baloncesto actúa como punto de encontro. En colaboración con COGAMI Lugo, promove a inclusión activa e a convivencia, lembrando que cada persoa suma e ten un lugar no equipo.



AROS LUZ

Centrada no acompañamento e no apoio emocional, esta vertente desenvólvese xunto a Raiolas Lugo e Dano Cerebral Lugo, creando espazos de confianza, recuperación e benestar para persoas e familias que afrontan realidades complexas.



AROS FUTURO

En colaboración con Down Lugo, aposta polo desenvolvemento persoal e social, ofrecendo oportunidades de crecemento a persoas en etapa de formación, reforzando a súa autonomía, confianza e participación na sociedade.



AROS SAÚDE

Da man do Hospital de Día de Saúde Mental do HULA, esta liña pon o foco no benestar integral, empregando o deporte como ferramenta para fortalecer a saúde física e emocional, a autoestima e a convivencia.

NINGÚN ARO SEN REDE

Durante o curso 2024/2025, un total de 10 centros educativos da cidade e da provincia de Lugo participaron na terceira edición do proxecto Ningún Aro Sen Rede, unha iniciativa que combina educación, deporte e sustentabilidade a través da reciclaxe de material de escritura en desuso.

Ao longo de varios meses, alumnado, profesorado e comunidades educativas implicáronse nun reto común: recoller bolígrafos, rotuladores e outros útiles para darlles unha segunda vida. Unha acción colectiva que demostra que pequenos xestos poden xerar un impacto real no coidado do medio ambiente.

- 1 Colexio Plurilingüe Franciscanos (Lugo) – 20,8 kg
- 2 CEIP Plurilingüe Lagostelle (Guitiriz) – 12,2 kg
- 3 CPRP Nosa Sra. da Asunción (Sarria) – 11,5 kg

O proxecto culminou cun acto de entrega de premios no que o director da Fundación Bregán, **Luis Abel Taboada**, fixo entrega dos recoñecementos aos centros gañadores, nun ambiente de celebración e orgullo compartido.

As recompensas incluíron trofeos personalizados, invitacións para partidos do **Río Bregán**, vales para libros de temática ambiental e lotes de redes recicladas, reforzando así o vínculo entre deporte, educación e sustentabilidade.



O director da Fundación Bregán, **Luis Abel Taboada**, fixo entrega dos recoñecementos aos centros gañadores: David – Colexio Franciscanos; Jorge – CEIP Plurilingüe Lagostelle e Irene – Colexio Asunción Sarria.
No evento contamos coa presenza de **Ana Traseira**, directora da **UNED Lugo**, e **Alejandro Rodríguez**, en representación da institución.

O PROXECTO EN NÚMEROS

CURSO 2024/25

10 CENTROS EDUCATIVOS VISITADOS

PRETO DE 78 KG. RECOLLIDOS

90 REDES ECONET INSTALADAS

Curso 25/26 (Centros visitados no 2025)

En outubro de 2025 deu comezo a cuarta edición de Ningún Aro Sen Rede, consolidándose como un dos proxectos máis innovadores da Fundación Breogán no ámbito da educación ambiental. Desenvolvido en colaboración coa **UNED Lugo** e **Ecoballution**, o proxecto continúa promovendo a economía circular e a reciclaxe creativa, achegando estes conceptos ao alumnado de maneira práctica, participativa e adaptada ao seu día a día.



ECOBALLUTION



Durante este curso 2025/2026, a iniciativa está presente en 9 centros educativos de Lugo e provincia, nos que se desenvolven actividades que fomentan valores como a responsabilidade ambiental, o traballo en equipo e o compromiso social. Como principal novidade desta edición, o concurso de reciclaxe estrutúrase en tres categorías en función do tamaño dos centros: menos de **50** alumnos/as, entre **51** e **150** alumnos/as e máis de **150** alumnos/as. Esta nova organización permite garantir unha participación máis equilibrada, reforzando a igualdade de oportunidades entre todos os centros.

Un proxecto que segue medrando curso a curso, demostrando que a educación en valores e o respecto polo medio ambiente poden construírse desde a base, coa implicación activa das novas xeracións.

I TORNEO 3X3 SEIJO / SILVOSA

O sábado 27 de setembro de 2025, as pistas exteriores do Pazo dos Deportes de Lugo acolleron a primeira edición do Torneo 3x3 Seijo / Silvosa, unha iniciativa organizada pola **Fundación Bregán** en colaboración coa **Cadena SER Lugo**.



Un torneo nacido do recordo e do respecto, que converte o baloncesto nunha linguaxe común para homenaxear a quen puxo voz á emoción deportiva de toda unha cidade. O **3x3 Seijo / Silvosa** non é só unha competición: é un encontro de xeracións, de historias compartidas e de paixón polo deporte, onde cada xogada revive o legado de dúas figuras inesquecibles da comunicación lucense.

A xornada estivo dedicada a **Arcadio Silvosa** e **Pepe Seijo**, dúas voces imprescindibles da radio deportiva en Lugo. Silvosa, cunha voz inconfundible, foi durante décadas un referente á hora de narrar as xestas do Bregán, destacando polo seu rigor, sensibilidade e retransca. Pola súa banda, Pepe Seijo recolleu ese legado cun estilo próximo e honesto, guiado sempre pola súa filosofía de contar “o que lle pasa á xente”, conectando coa afección desde a autenticidade.

O torneo contou con categorías sénior masculina e feminina, cun formato pensado para garantir a participación, a proximidade e o bo ambiente competitivo. Equipos de ata cinco xogadores disputaron unha intensa mañá de baloncesto, marcada polo compañeirismo, o respecto e o espírito deportivo.

Durante toda a xornada, o público puido gozar de partidos dinámicos e emocionantes, nun ambiente que foi moito máis alá da competición. Cada canastra, cada aplauso e cada sorriso convertéronse nunha homenaxe viva a dúas figuras que deixaron unha pegada imborrable no deporte lucense.

O evento transformouse nun auténtico punto de encontro interxeracional, reunindo xornalistas, deportistas, afeccionados e veciños arredor dun mesmo sentimento: o agradecemento. Un espazo onde o pasado e o presente se uniron para manter vivo un legado que segue inspirando.



IV LUZ AO DEPORTE

No mes de setembro presentamos unha nova edición do ciclo “Luz ao Deporte”, un proxecto que, dende o ano 2022, pon o deporte ao servizo da educación, achegando á mocidade lucense as experiencias vitais e profesionais de deportistas de elite.

Entre setembro e decembro de 2025 celebrouse a cuarta edición deste programa, composta por catro encontros nos que se traballaron valores fundamentais como o esforzo, a superación, o traballo en equipo, a motivación e a resiliencia.

Unha iniciativa da Fundación Breogán, en colaboración coa **Xunta de Galicia** e **ABANCA**, que continúa consolidándose como un referente na formación en valores a través do deporte.

A edición 2025 arrincou coa participación de **Jaime Nava**, ex-capitán da selección española de rugby, actor e conferenciante,

quen inaugurou o ciclo cunha charla inspiradora centrada no liderado, o traballo en equipo e a capacidade de superación.

O 17 de outubro foi a quenda de **Jarno Pousada** e **Antonio Serrat**, dous destacados triatletas galegos que compartiron coa rapazada as súas vivencias no deporte de alto nivel, poñendo o foco na disciplina, a constancia e a xestión do esforzo.

O 18 de novembro chegou unha das voces máis inspiradoras do panorama galego actual: **Tania Fernández García**, campioa do mundo de maratón en K2.

O ciclo pechouse o 17 de decembro cun encontro moi especial protagonizado por **Francis Alonso**, xogador do Río Breogán.

Nunha charla próxima e emotiva, Francis compartiu tanto a súa traxectoria deportiva como o seu percorrido persoal, facendo fincapé na importancia de seguir formándose, coidar as relacións persoais e manter a humildade en todo momento.

Un ano máis, “Luz ao Deporte” demostrou que o deporte vai moito máis alá da competición: é unha ferramenta educativa capaz de inspirar, conectar e transformar.



Cada ano, máis de 300 estudantes participan nestas xornadas, vivindo en primeira persoa testemuños que inspiran, emocionan e contribúen ao seu crecemento persoal e colectivo.

MEMORIA CELESTE

En 2025 puxemos en marcha o proxecto “Memoria Celeste”, unha iniciativa que nace coa vontade de preservar e celebrar a historia viva do **Club Baloncesto Breogán** a través das voces das súas lendas: xogadores, adestradores e figuras que deixaron unha fonda pegada no Pazo dos Deportes e na memoria da afección.



“Memoria Celeste” é un espazo emocional, documental e divulgativo onde lembrar, recoñecer e compartir as experiencias de quen construíu o club desde dentro. Historias humanas de superación, compromiso, amizade e identidade celeste, contadas en primeira persoa e co corazón.

Máis ca un arquivo audiovisual, este proxecto busca converterse nunha homenaxe viva, unha ponte entre xeracións que conecta o pasado co presente e co futuro, fortalecendo o sentimento de pertenza á familia breoganista.

Porque quen coñece a súa historia, xamais esquecerá quen é.

Durante o último trimestre de 2025, “Memoria Celeste” comezou a facerse realidade coa integración das lendas do Breogán nas diferentes actividades da Fundación, achegando a súa sabedoría, a súa experiencia e os valores que representan.

O proxecto consolidouse rapidamente como unha das iniciativas máis emotivas da Fundación Breogán, convertendo cada encontro nun exercicio de memoria viva onde pasado e presente camiñan da man.

Antonio Seral e **Paco Basanta** foron os encargados de inaugurar este camiño, nunha visita moi especial á Aula Pediátrica do HULA, levando consigo non só a historia do club, senón tamén a súa dimensión máis humana.

Co paso dos meses, outras figuras históricas sumáronse a esta viaxe pola memoria: **Pirulo** e **Miguel Moure Bourio** lembraron os primeiros ascensos que marcaron o inicio da historia grande do Breogán; **Xavi Roca** e **Suso Fernández** achegaron o talento e o espírito da etapa ACB; mentres que **Tomás Jiménez** e **Juan Corral** puxeron en valor o traballo de base e a importancia da formación.

Neste mesmo período incorporáronse tamén dúas auténticas institucións do baloncesto lucense: **Tito Real**, capitán dos ascensos á ACB e símbolo de liderado breoganista, e **Fernando Fernández Allende**, pioneiro na formación e fundador do Ensino Lugo, referente indiscutible no ámbito deportivo e educativo da cidade.

Cada encontro, cada testemuño e cada lembranza compartida reforzan unha idea esencial: coñecer a nosa historia é a mellor maneira de construír o futuro.



Memoria Celeste segue medrando como un proxecto que emociona, que une e que dá sentido ao que somos como club e como comunidade.

Durante o último trimestre do ano, puxemos en marcha, xunto con **El Proyecto de BANA**, o programa **#SenFiltros**, un ciclo de seis charlas dirixido ao alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria para abordar, sen tabús, as realidades que máis preocupan á xuventude.

Bullying, ciberacoso, saúde mental, ansiedade, autoestima ou prevención do suicidio son algúns dos temas tratados nun espazo seguro, próximo e adaptado á linguaxe actual da mocidade. Un contexto no que a arte e o deporte se incorporan como ferramentas de expresión, acompañamento e benestar emocional.

Un espazo para escoitar e compartir.

O ciclo deu comezo o 17 de novembro no **Colexio Maristas Lugo**, marcando o inicio dun percorrido que continuará ao longo dos vindeiros meses por diferentes centros educativos da provincia.

As primeiras sesións estiveron a cargo de **Samuel Del Árbol**, quen abriu espazos de diálogo directo, honesto e respectuoso co alumnado de 1º da ESO, tanto no **Colexio Maristas Lugo** como no **IES Xograr Afonso Gómez de Sarria**.

En cada encontro, os mozos e mozas tiveron a oportunidade de expresar as súas inquedanzas, compartir experiencias e poñer palabras ao que senten, nun ambiente de confianza onde tamén se lles achegaron ferramentas e recursos para comprender as súas emocións e pedir axuda cando o necesiten.

Educar tamén é coidar.

Con **#SenFiltros**, a Fundación Breogán reafirma o seu compromiso coa prevención, coa escoita activa e coa creación de contornas educativas nas que falar claro tamén é unha forma de coidar.

Un proxecto que aposta por romper silencios, xerar conciencia e acompañar á mocidade nun momento clave das súas vidas.

Porque falar, crear e compartir... tamén salva.



Falando sen filtros, escoitando de verdade: espazos de confianza onde a mocidade pode expresarse, compartir e aprender a coidarse.

BOCCIA ESCOLAR ADAPTADA

Poñemos en marcha, xunto con **Dano Cerebral Lugo**, unha iniciativa pioneira para achegar o deporte adaptado aos centros educativos da cidade. O proxecto Boccia Escolar Adaptada nace coa vontade de dar a coñecer esta disciplina paralímpica e, ao mesmo tempo, educar en valores de inclusión, respecto e igualdade.

O obxectivo é dobre: por unha banda, que o alumnado descubra unha modalidade deportiva adaptada; pola outra, fomentar a reflexión e a conciencia sobre as diferentes formas de discapacidade, especialmente o dano cerebral, rompendo cos prexuízos de “non poden” ou “non son capaces”. Porque o verdadeiramente importante é entender que, con regras e contornas axeitadas, todas as persoas poden participar.

O proxecto estrutúrase en dúas fases complementarias. Nunha primeira sesión, de carácter informativo, preséntase a boccia, os seus valores e as oportunidades que ofrece como deporte inclusivo.

Nunha segunda fase, xa práctica, os nenos e nenas experimentan directamente o xogo, aprenden as regras e descubren, en primeira persoa, que a inclusión tamén se constrúe xogando, compartindo e entendéndose.



Centros educativos participantes

- Colexio Maristas Lugo
- CEIP de Nadela
- Colexio Diocesano A Milagrosa
- CEIP Anexa Lugo



A primeira experiencia tivo lugar no **Colexio Maristas Lugo**, onde o alumnado coñeceu este deporte da man do traballador social **Pablo Freire** e puido compartir pista con persoas usuarias de **Dano Cerebral Lugo**, nun encontro enriquecedor e cheo de aprendizaxes para todas as persoas participantes.

O proxecto continuará nos vindeiros meses con novas visitas a centros educativos, mantendo viva a aposta da Fundación Bregán por unha educación en valores, inclusiva e transformadora.

SAN VICENTE DE PAÚL Y ASPNAIS

Hai proxectos que nos inspiran, que nos lembran o verdadeiro sentido do deporte: unir, incluír e facer comunidade. Por iso, desde a Fundación Breogán impulsamos unha nova liña de colaboración xunto coa **UNED Lugo**, **ASPNAIS Lugo** e o **Centro San Vicente de Paúl**, prestando apoio aos seus equipos de baloncesto *Special Olympics*.

Trátase dunha alianza que nace coa vontade de sumar esforzos e crear novas oportunidades para que as persoas participantes poidan desfrutar do deporte como un espazo de crecemento, relación e benestar. O baloncesto convértese así nun punto de encontro onde compartir experiencias, fortalecer vínculos e avanzar xuntos.

Ao longo da tempada, esta colaboración permitirá acompañar aos equipos tanto na súa actividade deportiva como na organización de diferentes iniciativas que reforcen a convivencia, a inclusión e o sentimento de pertenza a unha comunidade.



Os equipos de Special Olympics representan moito máis ca unha práctica deportiva: son un exemplo de superación, compromiso e compañeirismo, onde cada adestramento e cada partido son unha oportunidade para medrar, aprender e compartir. Desde a Fundación Breogán sentimos un profundo orgullo de formar parte deste camiño, convencidos de que o deporte é unha ferramenta clave para construír unha sociedade máis xusta, aberta e inclusiva.

COLABORACIONES

Na Fundación Breogán cremos que o impacto real constrúese en compañía. As colaboracións son unha parte esencial do noso camiño, porque permiten sumar coñecemento, recursos e ilusión para chegar máis lonxe e a máis persoas. A través de alianzas con entidades sociais, institucións públicas e iniciativas privadas, impulsamos proxectos que comparten unha mesma visión: utilizar o deporte como ferramenta de inclusión, educación e transformación social. Cada colaboración é unha oportunidade para crear comunidade, xerar valor e seguir avanzando cara a unha sociedade máis xusta, participativa e igualitaria.

MURALLALANDIA
PARQUE INFANTIL HULA

XORNADA SOLIDARIA
9 de marzo

Cómo participar?

REALIZA A TÚA DOAZÓN A TRAVÉS DE MIGRANODEARENA.ORG. UNHA VEZ REALIZADA, ENVÍA O XUSTIFICANTE XUNTO COS TEUS DATOS: NOME E APELIDOS, TELÉFONO, IDADE E AS ACTIVIDADES NAS QUE QUERES INSCRIBIRTE A

administracion@sport10.com

ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAR
RUTA BTT - ANDAINA SOLIDARIA - TENIS - PÁDEL - AQUAGYM - FITNESS - MARATÓN NATACIÓN - XANTAR - BINGO - MAXIA

Murallalandia

Sumámonos a un proxecto transformador que levará ilusión e cor á área de pediatría do HULA. Un espazo pensado para facer máis humana a experiencia hospitalaria dos máis pequenos, onde o xogo e a imaxinación tamén forman parte do proceso de recuperación.

diez raz10nes
GALA BENÉFICA - COLABORACIÓN FUNDACIÓN BREOGÁN

21 de febreiro 2025

Salón Rexio - 21:00 h
Círculo das Artes de Lugo

Sorteo de 2 entradas
Exclusivo soci@s benefactores/as
Fundación Breogán

máis información en
diezraziones.com

Gala solidaria #DiezRaz10nes

Un evento que uniu gastronomía, solidariedade e compromiso social. Máis de 250 persoas participaron nunha noite única na que cada prato serviu para apoiar o traballo de Down Lugo e Raiolas, demostrando que cando se comparte, o impacto multiplícase.

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

DECEMBRO
Día 10

EVENTO ABERTO Á PARTICIPACIÓN DE TODAS AS ASOCIACIÓNS LUCENSES

XUNT@S
POLA INCLUSIÓN

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

10:00 A 13:00 H:
INCHABLES DEPORTIVOS, MÁQUINAS DE ARCADE, XOGOS INTERACTIVOS, TOURO MECÁNICO, MINI GOLF, PISTAS DE SLOT, XOGOS POPULARES, TALLER DE PINTACARAS...

13:00 A 14:00 H:
ACTUACIÓN ESPECIAL
ESPECTÁCULO DO MAGO RAFA

Día Internacional das Persoas con Discapacidade

Unha xornada pensada para compartir, gozar e reivindicar a inclusión real a través do lecer e o deporte. Xunto a Cafés Candelas, abrimos as portas a unha mañá chea de actividades accesibles para todas as persoas, rematada cun espectáculo de maxia que puxo o broche a unha celebración inesquecible. pertenza a unha comunidade.

ORGANIZAN:
COLEXIO CERVANTES
Concello de Lugo
ALCALDÍA
Juventude e Deportes

XV Carreira Solidaria
Colexio CPR Cervantes

25 DE MAIO DE 2025
11:00
PRAZA AGRO DO ROLO

Todos os ingresos irán destinados á investigación do glioblastoma.
Carreiras para todas as idades e canicross

COLABORADORES
LUGO
CAIXA RURAL GALEGA
XUNTA DE GALICIA
LUGO Deportes

<https://memorialprofealberto.com>

XV Carreira Solidaria CPR Cervantes

Deporte, memoria e comunidade déronse a man nunha xornada moi especial. A Fundación Breogán participou achegando o baloncesto cun concurso de tiro a canastra, sumándose a unha iniciativa que combina actividade física e valores solidarios.

PREMIOS

Este ano tivemos a honra de recibir dous recoñecementos moi especiais: a distinción da FEGABA na gala #BasketGal2025 como **entidade referente en acción social**, e o nomeamento como **Membro de Honor** por parte do **Colexio Oficial de Dentistas de Lugo**.



Dous premios que agradecemos de corazón, pero que entendemos como un reflexo do traballo compartido. Porque o máis importante non é o recoñecemento, senón seguir construíndo, día a día, un proxecto con impacto real nas persoas a través do deporte.

A FUNDACIÓN PRETO DE TÍ

A Fundación Breogán está presente no día a día da cidade, preto da súa xente, compartindo momentos, emocións e valores que van moito máis alá da pista.

A través das nosas redes sociais contamos pequenas grandes historias: eventos, celebracións, visitas, iniciativas solidarias e datas sinaladas que reflicten o noso compromiso coa sociedade lucense. Esta páxina é unha mostra dese camiño compartido, unha colección de instantes que nos achegan á comunidade e que dan sentido ao que somos. Porque estar preto de ti é, simplemente, a nosa forma de entender o deporte e a vida.




Todo o que logramos ata o de agora non sería posible sen o respaldo, a confianza e a implicación das institucións e das nosas empresas benefactoras e colaboradoras. O noso labor só cobra sentido grazas a todas aquelas persoas que cren na nosa misión e apostan polo deporte como ferramenta de cambio social. Nós somos quen leva a cabo os proxectos, pero detrás hai unha rede de persoas e entidades cuxo apoio é o verdadeiro motor da Fundación Breogán.

A todos e todas, GRAZAS. Seguiremos adiante con honestidade, compromiso e ilusión para acadar cada un dos nosos obxectivos.

INSTITUCIÓNS



EMPRESAS BENEFACTORAS



EMPRESAS COLABORADORAS



OUTROS COLABORADORES

